

RODRÍGUEZ FER, Claudio (2021): *Borges e Cunqueiro, creadores de labirintos / Borges y Cunqueiro, creadores de laberintos*. Mondoñedo: Casa-Museo Álvaro Cunqueiro / Concello de Mondoñedo, 93 pp.

As relacións entre Latinoamérica e a Galiza son profundas, históricas e polifacéticas. Non só nos une a nosa historia migratoria máis evidente, senón que podemos tecer vínculos máis alá, e que nos unan as nosas verbas, os nosos escritos, as nosas literaturas. As liñas de filiación que se poden trazar entre a literatura hispanoamericana e a galega son moitas e moi frutíferas. Unha delas é a que nos presenta aquí o escritor e profesor Claudio Rodríguez Fer, quen trata de debuxar os fíos que conectan as obras de dous escritores senlleiros: Álvaro Cunqueiro e Jorge Luís Borges. O profesor, estudioso da literatura galega contemporánea, tamén ten achegado outros traballos de investigación sobre a obra de Borges individual, como son *Borges dende o labirinto galego* (2008) e *Borges y todo (escepticismo y otros laberintos)* (2013).

Rodríguez Fer ofrécenos neste libro unha análise pormenorizada dos puntos que unen –e por veces separan– a obra de Borges e de Álvaro Cunqueiro. Unha novidosa perspectiva que non só se abre ás lectoras de galego, senón tamén ás castelás, ao crear un volume bilingüe nas linguas dos homenaxeados. Así, constrúe unha ponte que permite que dende os dous campos literarios se poida comprender non só a proxección de cadansúa obra individual, senón especialmente o sentido de cada un dos seus mundos literarios en diálogo co outro.

Así, a obra comeza coa versión en galego e conclúe coa castelá. Se ben é certo que o texto é o mesmo, é dicir, só cambia o idioma ao que está verquido, as imaxes son distintas en cada unha das partes, de maneira que a infografía que atopamos nas primeiras páxinas non

é a mesma que as últimas, polo que cumprirá consultar ambas para aprehender ao máximo a información transmitida. Estas imaxes serven de apoio á lectura, pois reproducen copias de portadas de libros, xornais e gravados, entre outros, relevantes para o texto que acompañan. Ademais, tanto a parte en galego como a castelá aparecen introducidas por unha imaxe de Cunqueiro e de Borges, respectivamente.

O autor selecciona para introducir o primeiro capítulo unha cita de Cunqueiro na que selecciona a autores galegos e latinoamericanos, entre outros, como as súas escollas predilectas das letras castelás. Neste pequeno libro, Rodríguez Fer percorre, de maneira superficial mais poñendo como exemplo sempre o corpus empírico da súa obra, os aspectos fundamentais para comprender a conexión entre os escritores: por exemplo, ambos tiveron como referente a Alfonso Reyes, o seu interese polo xudaísmo, os animais e obxectos máxicos; a admiración de Cunqueiro polos animais fantásticos borgianos, a súa semellanza coa obra de Carpenter e co realismo máxico

Así, o escritor recompila aquí aspectos que se unen en tres eixos: debuxar a obra particular de Cunqueiro e de Borges, mentres que se analizan as inspiracións que tomou o mindoniense do arxentino. Deste xeito, a literatura galega dialoga, unha vez máis, coa literatura hispanoamericana, neste caso, arxentina, ao construír unha paisaxe común de seres mitolóxicos, obxectos máxicos e labirintos maravillosos.

Clara García Vila  
Universidad Complutense de Madrid  
clarga14@ucm.es